

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

*EXTRACTO da Orde do 30 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a promoción e consolidación de emprego autónomo a través do Programa I, de axudas á promoción de emprego autónomo, cofinanciado parcialmente con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e do Programa II, de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación e formación de persoas asalariadas, e se convocan para o ano 2020 (Programa pola contratación indefinida de persoas asalariadas) (código de procedemento TR349F).*

BDNS (Identif.): 494072.

De conformidade co previsto no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias das axudas previstas nesta orde as persoas traballadoras autónomas ou as persoas profesionais pola primeira contratación que realicen con carácter indefinido durante o seu primeiro ano de actividade e pola segunda e terceira contratación que realicen con carácter indefinido nos tres primeiros anos de actividade.

Segundo. *Obxecto*

Este programa ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar, para o ano 2020, os incentivos á contratación indefinida inicial e a formación de persoas desempregadas realizadas por persoas traballadoras autónomas ou persoas profesionais con domicilio social e fiscal en Galicia.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 30 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a promoción e consolidación de emprego autónomo a través do Programa I, de axudas á promoción de emprego autónomo, cofinanciado parcialmente con cargo ao programa



operativo FSE Galicia 2014-2020, e do Programa II, de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida e a formación de persoas asalariadas, e se convocan para o ano 2020 (Programa pola contratación indefinida de persoas asalariadas) (código de procedemento TR349F).

Cuarto. *Importe*

Para a concesión destas axudas destínanse un millón trescentos cincuenta mil euros (1.350.000 €).

Quinta. *Prazo de presentación de solicitudes*

a) As solicitudes de axudas polas contratacións subvencionables realizadas entre o 1 de outubro de 2019 e a data da publicación desta orde deberanse presentar no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da publicación da orde. Entenderase como último día de prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o último día do mes.

b) As axudas previstas polas contratacións subvencionables realizadas desde a entrada en vigor desta orde deberanse solicitar ata o último día do segundo mes seguinte á data en que se inicie a relación laboral indefinida pola cal se solicita a subvención. Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

c) O prazo para presentar as solicitudes de axudas rematará o 30 de setembro de 2020, aínda que nesa data non transcorrese o prazo sinalado no parágrafo anterior.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2019

Francisco Conde López  
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

